



SAMAGOSTÍN 2024 NA SOLAINA!



Estimadas familias,

O vindeiro mércores día 30 de outubro festexaremos o SAMAGOSTÍN (Samaín+ Magosto!)

A semana do 28 ao 30 de outubro o noso cole vivirá o **Samaín e Magosto** de maneira lúdica e aprendendo tamén parte da nosa cultura, con obradoiros, aula de luz negra, "túnel terrorífico" a cargo do alumnado de 6ºEP ...

- **EXHIBICIÓN DE CABAZAS:** o primeiro que vos propoñemos é realizar na casa a **decoración dunha cabaza** para poder facer unha exposición durante eses días no exterior (zona cuberta) A decoración será libre, en familia trabállase mellor! Traerase o luns 28 e deixaranse colocadas na zona mencionada anteriormente (exterior pegadas a ambos os dous lados da entrada principal ou pegadas ao pavillón na zona cuberta) Non esquezades poñerlle nome e curso (deberedes recollela o mércores 30 ás 14 horas para que non queden no centro durante os días non lectivos). Nas aulas tamén estamos a decorar o cole con distintas manualidades feitas polo alumnado para, entre todas/os, a decorar o noso centro (xa vos ensinaremos reportaxe gráfica!)
- O **MÉRCORES 30** teremos a Gran **Festa** de SAMAGOSTÍN onde gozaremos dunha degustación de castañas. Para iso, deberedes traer unha presíña de castañas picadas o LUNS 28 para poder asar no forno.
- **LECTURA ÁS ESCURAS:** leremos lecturas terroríficas na biblioteca e nas aulas coa axuda de lanternas. Pedímosvos que traian unha **lanterna** e algún **libro de temática de medo** (preferiblemente en galego) desde o **28 de outubro ata o 8 de novembro**.

Ademais, as nenas/os (tamén os demais membros da comunidade educativa!) **poderán vir disfrazados** acorde á temática na que nos atopamos (evitar traer nas mans material bélico tipo coitelos, pistolas...) Entregaranse os premios dos debuxos e relatos de medo así como o do concurso das mandalas naturais, bailaremos , faremos xogos, obradoiros...

En definitiva, pasaremos un bo rato!

Ademais, recordade que o xoves 31 non hai cole por ser día do ensino, o venres 1 é festivo e o luns 4 de novembro é un dos días elixidos como non lectivos polos centros públicos de Narón. Así que, vémonos o **MARTES 5 de NOVIEMBRE!**

Un saúdo do claustro do CEIP A SOLAINA